

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 12 DE ABRIL DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día doce de abril de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión extraordinaria urxente da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.- Non asiste Dona Manuela Iglesias Collarte.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

PRIMEIRO.- RATIFICACION DA URXENCIA DA SESION.-

Os membros integrantes da Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, ratifican a urxencia da sesión.

SEGUNDO.- ORDE DO 24 DE MARZO DE 2006 POLA QUE SE ESTABLECE AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIONS PARA OS PROGRAMAS DE ESCOLAS OBRADOIRO E CASAS DE OFICIOS, DE OBRADOIROS DE EMPREGO E DE UNIDADES DE PROMOCION E DESENVOLVEMENTO NO AMBITO DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA.-

“Vista a Orde de 24 de Marzo de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no DOGA nº 64, de 31 de marzo de 2006.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar a Memoria e Proxecto formativo de Obradoiro de emprego denominado “Labor-Avia” que se acha no expediente por importe de 857.281,32 euros e solicitar a devandita subvención a Consellería de Traballo.

Segundo.- Acollerse a devandita Orde, asumindo o cumprimento das condicións recollidas na mesma e remitindo a correspondente solicitude coa documentación sinalada na mesma.

Terceiro.- Poñer a disposición os inmobles e terreos necesarios para levar a cabo as obras, tendo en conta que a escola unitaria de Francelos, Ponte de Francelos e área de acceso a rectoral de San Paio, son de titularidade municipal.

Cuarto.- O Concello de Ribadavia comprométese a aportar para completar o proxecto de Obradoiro de Emprego a cantidade de 110.302,92 euros.

Quinto.- Facultar o Sr. Alcalde para que asine os documentos precisos na xestión da correspondente subvención ante a Consellería de Traballo.

Sexto.- Comunicar o presente acordo a Conselleira de Traballo.

Sétimo.- Dar conta do presente acordo o Pleno da Corporación da primeira sesión que se celebre.”

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.